

An illustration of two marionettes, a boy and a girl, being controlled by hands from above. The boy on the left wears a blue coat and a yellow hat with a white pom-pom and a yellow scarf. The girl on the right wears a red dress and a red and white striped hat with a white pom-pom and a red scarf. They are set against a dark purple night sky with a large yellow sun or moon, a lighthouse beam, and silhouettes of buildings and birds.

**FESTIVAL
DE TÍTERES**
María José Jove
**NADAL
2019**



Fundación
María José Jove



FORUM
METROPOLITANO



XOVES 26 DE DECEMBO	17.00h.	50 MIN.	CASTELÁN

BLANCANIEVES.

TROPOS TEATRO DE TÍTERES.

Esta Blancanieves non sabe de tarefas da casa, pero sabe facer unha páxina web e, desde logo, non vai bicar a ningunha ra por moí príncipe que sexa, porque non quere casar. Que teima con casar!.

Todos e todas medramos cos contos clásicos. Quizais o que máis nos gusta deles é que sempre teñen algo de terrorífico. E hoxe os libeiros vannos contar a non menos terrorífica e exemplar historia de... Blancanieves.

Fundación María José Jove

+ 4 ANOS



VENRES 27 DE DECEMBO	17.00h.	50 MIN.	GALEGO

O APALPADOR CONTRA O LADRÓN DE XOGUETES. CACHIRULO.

O Apalpador vén a visitarnos en compañía de todos os seus amigos, cunha nova e divertida aventura!

O ladrón Pasmón rouba todo o que pode e agora anda tras os xoguetes dos nenos e nenas do Courel... quen poderá impedirlo?

Fundación María José Jove

+ 4 ANOS



VENRES 27 DE DECEMBO	18.30h.	40 MIN.	GALEGO

CONTOS AO PE DA CAMA.

VIRAVOLTA TÍTERES.

Contos ao pé da cama é un espectáculo de marionetas para público familiar a partir do universo onírico de Winsor McCay. Un espectáculo divertido e lixeiro que fala da natureza e de como nos comportamos con ela.

Un único escenario e a través de tres técnicas de manipulación diferentes - varíañ, sombras e luva - o pequeño Nemo soña.

Forum Metropolitano

+ 4 ANOS



DOMINGO 29 DE DECEMBO	18.30h.	45 MIN.	GALEGO

XAN PERILLÁN COMPRA QUEIXO, COMPRA PAN. MONICREQUES DE KUKAS.

Un espectáculo que mestura o clown e a pantomima coa maxia e os monicreques compaxinando o lecer e a diversión coa educación no consumo responsable e nos hábitos de vida saudables e respectuosos co medio ambiente e a ecoloxía. Xan Perillán vai comprar ao hiper mega súper mercado, pero o trasco do consumo irresponsable perségueo de aquí a alá... Cun pouco de maxia, moitas risas e a axuda do seu leal e sensato lorito Ravachol conseguirá facer unha compra responsable, sustentable e ecolóxica, comprando só o necesario, reducindo, reutilizando, reciclando e reflexionando.

Forum Metropolitano

+ 4 ANOS

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



LUNS 30 DE DECEMBO	18.30h.	50 MIN.	GALEGO

TITA.

TÍTERES BABALUVA.

Tita é un espectáculo teatral sobre a intelixencia emocional onde invitamos aos espectadores máis pequenos e ás súas familias a viaxar por un mar de emocións na vida da nosa querida Tita. Dende un espectáculo con monicreques, teas, bojellas plásticas e obxectos varios coñeceremos da man das titiriteiras Mirari e Larraitx Urruzola, as causas do desacougo da personaxe de Tita e axudarémola para que saiba como actuar cando ten medo, ganas de chorar ou está enfadada, para conseguir sobrepoñerse e recuperar o amor.

Forum Metropolitano

+ 4 ANOS

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

+ INFO

ENTRADA: 3,00 €.
ABONO FAMILIAR (3 entradas para a mesma función): 6,00 €.

VENDA DE BILLETES:

Praza de Ourense. De luns a venres, agás festivos, de 9.30 a 13.00h e de 16.30 a 19.30h.

Fundación María José Jove e Forum Metropolitano.

Aberto só os días de función desde unha hora antes (só se quedan entradas dispoñibles).

Televenda: 902 044 226

De luns a venres de 9:00 a 22:00h. Sábados de 14:00 a 22:00h. Domingos de 16:00 a 21:00h.

Web: www.ticketea.com. Servizo permanente 24h.

PAGOS:

No despacho de billetes da Praza de Ourense, do Forum e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.

Fundación María José Jove.

R/ Galileo Galilei 6.

Edificio Work Center A Grela.

Forum Metropolitano.

R/ Rfo Monelos 1.

MÁIS INFORMACIÓN

www.coruna.es/cultura

